



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### CASA DO CONCELLO, 30 de outubro de 2023

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Alberto Rey Paz

Asisten: Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca, Julian Blanco Rodriguez, Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon e Diego Graña Pérez

Ausencias: Ningunha

Secretaria – interventora: M. Carmen Sanmillán Villar

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA

##### 1. Aprobación da acta do pleno ordinario do 31 de agosto de 2023 e da acta do pleno extraordinario urxente do 28 de setembro de 2023.

Procédese á votación da acta do pleno ordinario do 31 de agosto co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 do Alcalde Alberto Rey Paz, e dos concelleiros María Amalia Díaz Rodríguez, Darío Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñón, Diego Graña Pérez, Brais Prieto Vidal, Rocío Martínez Martínez, María de los Dolores Pita Anca e Julián Blanco Rodríguez.

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Procédese á votación da acta do pleno extraordinario urxente do 28 de setembro de 2023.

Votos a favor: 5 do Alcalde Alberto Rey Paz, e dos concelleiros María Amalia Díaz Rodríguez, Darío Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñón, Diego Graña Pérez

Votos en contra: 0

Abstencións: 4 dos concelleiros Brais Prieto Vidal, Rocío Martínez Martínez, María de los Dolores Pita Anca e Julián Blanco Rodríguez

##### 2. Dación de contas do PMP 3º trimestre de 2023.



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



O Alcalde constata se chegou a documentación sobre este punto a tódolos membros do Pleno, todos responden que sí.

A continuación o Alcalde insta a que a secretaria-interventora expoña tal punto, tomando así a secretaria a palabra quen explica que hai un erro na folla xa que onde pon primeiro trimestre 2022 debe dicir terceiro trimestre de 2023 que se corresponde cos meses de xullo, agosto e setembro de 2023. Expón ademais que para este trimestre o período medio de pago é de 39,63 días con un importe de pagos realizados de 332.641,64 euros.

O Alcalde pregunta á secretaria-interventora si este punto ten que ser votado, a secretaria responde que non, que é unha dación de conta.

O Alcalde pregunta se alguén precisa algunha aclaración, e D. Brais Prieto pregunta que a qué corresponden os 71.000 euros que están pendentes de pago e si se van a pagar este ano ou o a principios do que ven.

O Alcalde resposta que non sabe en concreto de qué son e que espera que se paguen canto antes.

### 3. Relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no pleno ordinario de outubro.

Deuse conta dos seguintes decretos que figuran na relación que se achega:

Núm.	Fecha	Asunto
222	22-08-2023	Obradoiro de memoria e ximnasia enviado por Gestión Plus Servicios Integrales a empresas sl.
223	22-08-2023	Aprobación de anuncios BOP "Lista provisional admitidos praza animador" e "Lista provisional admitidos praza condutor"
224	22-08-2023	Modificación presupuestaria. Xeración de crédito AGADER 2023-24 e Mellora de instalacións deportivas (DE401C)
225	23-08-2023	Aprobación da auditoría da rede de saneamento subvencionada pola Xunta de Galicia
226	25-08-2023	Convocatoria do Pleno ordinario de agosto 23
227	28-08-2023	Nóminas do persoal funcionario e laboral correspondentes ao mes de agosto 2023
228	28-08-2023	Modificación presupostaria. Xeneracion de crédito .POS 22 obra : MELLORA DE ESPAZO PUBLICO NOS CASAS
229	28-08-2023	Aprobación pago relación de facturas F/2023/1, correspondente ao mes de agosto de 2023.
230	29-08-2023	Aprobación da conta xustificativa da subvención de Augas de Galicia solicitude de subvención para auditorías municipais das redes de saneamento procedemento AU301D
231	29-08-2023	Aprobación das liñas fundamentais do presuposto para o ano 2024



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00



232	30-08-2023	<a href="http://www.cerdido.org">www.cerdido.org</a> <a href="mailto:correo@cerdido.es">correo@cerdido.es</a> Certificado de representante da tesoureira
233	30-08-2023	Aprobación expediente de contratación de Obras. Mellora de espazo nos Casas POS 2022 Abreviado sumarísimo
234	30-08-2023	Nómina correspondente ao período do 29 ao 31 de agosto de 2023, da traballadora do servizo de axuda no fogar Verónica Freire Regueiro por novo contrato para a substitución das vacacións de Leticia Sixto López.
235	30-08-2023	Contrato menor de valoración funcional e asistencial de los usuarios de servizos sociais (pos social )
236	01-09-2023	Orzamento inchable pista americana superheroes 9x4x5m de alto 3 horas (inclúe monitor), presentado pola empresa La guagua servicios socioculturales, s.l., C.I.F: B70290689.
237	04-09-2023	Contrato menor para servizos de podoloxía a domicilio no Concello de Cerdido presentado Gaëla Romeo Villadóniga (Clínica Descalzos).
238	04-09-2023	Solicitud de subvención para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, procedemento MT975S), colectores de lixo
239	05-09-2023	Recoñecemento 2º trienio Lurnay Macías Betancourt
240	08-09-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Riba de Abaixo, 4, Os Casás
241	08-09-2023	Liquidación recargo débeda Seguridade Social período 07/2023.
242	08-09-2023	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018
243	11-09-2023	Asuntos xudiciais Procedemento abreviado 0000086/2023
244	11-09-2023	PA Procedemento Abreviado 0000087/2023
245	11-09-2023	Autorización de uso dun local na escola da Avispeira
246	12-09-2023	Convenio prestación de servizos do traballador social no Concello de Ortigueira
247	12-09-2023	Reserva de instalacións Area recreativa O Castro ANPA os Carris merenda dos nenos participantes na primeira marcha ciclista do Concello de Cerdido o día 23/09/2023
248	12-09-2023	Relación de recibos correspondentes ó mes de agosto do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
249	14-09-2023	Solicitud de certificado de representante a nome de Mª del Mar Caneiro Pérez
250	15-09-2023	Contratación de inspección del ascensor
251	18-09-2023	Contratación auxiliar administrativo
252	20-09-2023	Contrato menor servizo de madrugadores do CEIP da Barqueira
253	22-09-2023	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org)

[correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



		ón das bases no BOP 27/03/2018
254	25-09-2023	Solicitud de certificados de representante e de empregado público de M <sup>a</sup> del Carmen Sanmillán Villar
255	25-09-2023	Autoliquidación de taxas "mellora rede viaria pública no lugar de Casaldaia a Fercoi e outros"
256	26-09-2023	Solicitud Servicio Axuda no Fogar D. Jesús Piñón Tojeiro
257	27-09-2023	Pleno extraordinario urxente 28/09/2023
258	26-09-2023	MT975P - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal. fondos de recuperación e resiliencia.
259	28-09-2023	Nóminas do mes de setembro de 2023 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de agosto de 2023.
260	28-09-2023	Aprobación, se procede, da factura nº 01 230271, con rexistro contable F/2023/941 e importe total de 18.148,79 euros, emitida por Ivan Tembras S.L.U.
261	03-10-2023	Nómina do mes de setembro de 2023 da funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional Paula Díaz Tie e nómina e quilometraxe do 23 ao 28 de setembro de 2023 da traballadora do servizo de axuda no fogar Verónica Freire Regueiro.
262	27-09-2023	Reserva de instalacións do pavillón polideportivo do 1 de outubro ata o 31 de maio de 2024 os xoves de 15:00 a 16:30 horas
263	04-10-2023	Solicitud Servicio Axuda no Fogar
264	06-10-2023	DE401C Construcción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal
265	05-10-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 34, Cerdido
266	06-10-2023	Solicitud de certificado de representante a nome de Cesar Yáñez Carballeira
267	09-10-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Seixas, 7, Cerdido
268	09-10-2023	Relación de recibos correspondentes ó mes de setembro do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
269	10-10-2023	DE401C Construcción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal
270	11-10-2023	Aprobación pago IRPF (mod. 111) e IVE (mod. 303) do 3º Trimestre de 2023, declaración complementaria IVE 1º trimestre 2023 e rectificación casilla 110 e casilla 87 da declaración de IVE 2º trimestre 2023
271	13-10-2023	Achega 2023 dos concellos á asociación para a xestión do xeoparque do cabo Ortegal
272	20-10-2023	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar Publicación das bases no BOP 27/03/2018
273	17-10-2023	Tramitación Convenios. Plan de infraestrutura rural ( PIR ) Xunta de



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org)

[correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



		mellora do viario de Casaldaia a Fercoi e outros
274	20-10-2023	Convocatoria Subvenciones Nominativas a asociacións e entidades durante o ano 2023
275	23-10-2023	Solicitud de subvención :Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2024 (FOPPSS/2024)
276	17-10-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Penadovico, 2, Cerdido
277	25-10-2023	Contrato menor para a adquisición de dous espellos e un poste

D. Brais Prieto pregunta polo decreto 225 relativo á aprobación da auditoría da rede de saneamento, pregunta se é unha auditoría de toda a rede ou de algún punto en concreto. O Alcalde resposta que é unha auditoría de toda a rede máis as fosas, auditoría que xa solicitou o goberno anterior.

D. Brais Prieto pregunta polo decreto 260, relativo á aprobación da factura de Iván Tembrás pregunta en concreto polo importe, xa que o Alcalde dixera que se iba a comezar sen contrato para que moveran os tractores e que tiña ata 5.000 euros. O Alcalde di que esa era outra factura, non esta. D<sup>a</sup> Rocío Martínez quere saber o importe da outra e o Alcalde resposta que era sobre catro o cinco mil e pico máis IVA.

D<sup>a</sup> Rocío Martínez pregunta polo decreto 252 relativo ao servizo de madrugadores do CEIP, quere saber qué é este contrato menor. O Alcalde resposta que é a rapaza que está traballando no colegio polas mañás no servizo de madrugadores. D<sup>a</sup> Rocío pregunta se foi contratada directamente polo Concello e o Alcalde resposta que sí.

D. Brais Prieto pregunta polo decreto 264 relativo á construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal, pregunta que subvención é e o Alcalde resposta que é a subvención para reforzar o alumeadado do campo de fútbol. D. Brais pregunta se non había outra subvención para material ou esa non a concederon. O Alcalde resposta que ha había pero que non se podían pedir as dúas xuntas. Que él preguntou pero non foi posible.

D. Brais Prieto pregunta polo decreto 271, en concreto pola cantía que se achega ao xeparque. O Alcalde resposta que 3.300 euros que estaban aprobados no orzamento, que cree que se computa polo número de habitantes de cada concello. Rectifica porque esa non é pero que o xeparque tamén é por número de habitantes.

D. Brais Prieto pregunta polo decreto 273, convenio coa Xunta de Galicia para a mellora do viario de Casaldaia a Fercoi, pregunta se se vai facer xa a a reparación. O Alcalde di que foi unha subvención que deron á presa e correndo e que pediron meter carretaras ata o importe máximo do contrato menor e que por eso vai esa ahí, que tamén vai outra na Gamboa, outra na Lobeira (o cachico de subida ao río) e outro cacho que é detrás da igrexa do Porto, pola parte de atrás da igrexa. Debaten entre todos o lugar exacto. O Alcalde di que nesas subvencións a Xunta encárgase de contratalas. Volven a debater sobre os lugares das pistas e lugares.

D<sup>a</sup> Rocío Martínez pregunta polo decreto 275 de financiamento de servizos sociais comunitarios municipais. O Alcalde di que é a subvención de servizos sociais de tódolos anos, que se pide ampliación de horas e a auxiliar administrativa. D. Brais pregunta se é da Deputación e o Alcalde resposta que sí.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



### 4. Moción do grupo PSDEG-PSOE sobre a territorialización dos orzamentos da CAG

D. Brais Prieto expón que aproveitando que se están a tramitar os orzamentos e que está aberto o período de enmendas propuxeron que se presentara de maneira formal a solicitude de amaño da estrada C102 e a C110 solicitando unha partida fora dos orzamentos porque dentro non a van meter porque non suelen dar para actuacións en concreto. O Alcalde manifesta que non entende e D. Brais sinala que Augas de Galicia non vai río por río, concello por concello dando partidas pero que se pode solicitar así. Hai zonas no río Garmelas onde baixa a auga desde a carreteira general e hai que pedir permiso a Augas de Galicia para meter os tubos. Tamén se solicita que se limpen os cauces e demáis. O Alcalde pregunta se teñen algún problema, D. Brais di que son ramallos que hai que limpar para evitar problemas, a modo de prevención.

O Alcalde di que os orzamentos xa está presentados desde o día 20 e agora para modificalos tería que ser mediante enmenda ante o Parlamento de Galicia, que terá que ser presentada por un grupo parlamentario e non por un concello. D. Brais sinala que un concello pode solicitar partida. O Alcalde di que a enmenda ten que ser un grupo parlamentario. D. Brais di que pode ser por acordo por unanimidade do concello e que o concello pode presentar enmendas. O Alcalde di que soamente pode presentar enmendas un grupo parlamentario. D. Brais di que unha enmenda non, pero a inclusión dunha partida sí.

O Alcalde di que agora a única forma de modificar os orzamentos é mediante enmenda. D. Brais di que se pode pedir a inclusión dunha partida. O Alcalde di que a que baixa a Cerdido fai un mes que a parchearon. Todos din que non parchearon moi ben.

O Alcalde di que se pode pedir pero que está fora de prazo. O Alcalde volve a ler a moción. D. Brais di que se pode solicitar que se pode pedir a inclusión duna partida. O Alcalde di que eso ten que ser a través dun grupo parlamentario. D. Brais di que hai concellos que o fan. O Alcalde di que é mellor solícialo a Augas de Galicia, e que se é cousa do concello ou dos particulares que o fagan os particulares. Está de acordo en solícialo pero vía orzamento non lle parece o momento. D. Brais di que sí é o momento. O Alcalde di que tiña que ser antes e D. Brais di que tiña que estar pendente no momento adecuado, e o Alcalde di que ao mellor pediu outras cousas. D. Brais di que non llo deron, o Alcalde di que él non sabe se o deron ou non.

O Alcalde di que hai 4 millóns para mellorar a accesibilidade na comarca de Ferrolterra e Ortegal, que él non sabe cántos cartos son para Cerdido. D. Brais di que pon dous millóns para toda a comarca.

O Alcalde di que na carreteira 862 xa levan invertido bastantes millóns de euros e teñen unha partida para seguir co tema da parte que non...

D. Brais di que só aparecen dous millóns nada máis, o Alcalde di que non aparece Cerdido en concreto, pero que o cacho que lle toque Cerdido se fará.

D. Brais di que os orzamentos envíanos territorializados por concello. O Alcalde di que hai catro millóns para esta comarca. D. Brais di que esa é a carreteira que vai de Ferrol a Ortigueira que con





## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00



catro millóns [www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es) le ten obriga coma Alcalde das actuacións que van a facer en Ortigueira.

D<sup>a</sup> Rocío Martínez di que terá que saber o Alcalde unha previsión.

O Alcalde di que agora non é o momento de pedir a inclusión desas carreiras no orzamento. D.

Brais di que hai que pedir inversións para aquí, o Alcalde di que xa se piden.

O Alcalde di que non é o momento que ten que ser antes.

D. Brais pensa que está aberto o prazo ata febreiro, o Alcalde di que o mirará.

D. Brais di que non lle fai gracia, o Alcalde di que a súa actitude é cousa súa.

D. Brais di que non os ten que tratar con ese paternalismo e chulería, que lle molesta que presentemos propostas.

O Alcalde di que cada un presenta os seus argumentos.

(Falan todos ao mesmo tempo)

D<sup>a</sup> Rocío Martínez di que si é pola redacción presentan outra, o Alcalde di que por él encantado, que non hai problema.

Procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 dos concelleiros Brais Prieto Vidal, Rocío Martínez Martínez, María de los Dolores Pita Anca e Julián Blanco Rodríguez

Votos en contra: 5 do Alcalde Alberto Rey Paz, Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon e Diego Graña Pérez

Abstencións: 0

### 5. Moción do grupo PSDEG-PSOE Achega de propostas para o goberno municipal

O Alcalde di que este punto está mal redactado ou incluído ou fora de lugar porque non é unha moción, que se enganaron en administración. De todas formas que se poden tratar.

D<sup>a</sup> Rocío Martínez di que pretendían metelo como unha moción.

D. Brais Prieto di que isto foi porque iban a meter os remanentes que se adicarán a cursos memoria, adultos, piscina municipal, arranxo lavadoiros, contenedores en lugares pedidos polos veciños.

O Alcalde di que se están a priorizar obras pendentes e non licitadas do POS 2021, e que se sacaron pero por culpa do tempo non se poden rematar. Unha delas é a de Calmuga que se fixo parte da carretera. O Alcalde di que se pretende sacar os expedientes que están pendentes e que se sacaron 5 ou expedientes a licitación a maioría de obras, outros son de sinalización, o espazo nos Casás, que son do 2022 e aínda queda o 2023 que é a deshumectadora.

Fala do desbroce de pistas. D<sup>a</sup> Rocio di que é de xullo, pero que xa está feito.

O Alcalde fala do proxecto para a traída municipal, que en catro meses fixeron sete acometidas de auga, dúas están operativas e cinco van quedar operativas entre xoves e venres. O Alcalde di que é bastante, D. Brais Prieto di que é o seu traballo coma Alcalde. O Alcade di que eso non é para decidir nun pleno, que él di o que está feito e o que non. Que sete acometidas en catro meses non o fixo o PSOE en catro anos.

O Alcalde di que a de Porto do Cabo non a fixeron, o Muiño do Chan non se fixo, Pista do Cabo está no PIR e Pista de Acceso a Francoi non se fixo.

O Alcalde di que a realización de cursos para todas as idades está en marcha, e que a apertura da pista municipal vai no POS adicional 2023, arranxo de lavadoiros hai que esperar a algunha axuda para esto, e a recuperación de terreos da antiga asociación vaise mirar, no tocante aos contenedores se vai instalar algún e tres puntos limpos de pilas e cousas desas, un para cada parroquia.

### 6. Moción do grupo PSDEG-PSOE para proceder a grabar os plenos municipais



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



D. Brais Prieto di que se presenta a moción para que se inicien os trámites para grabar e despois poñer a disposición dos veciños, como se fai noutros concellos.

O Alcalde di que por transparencia non é porque os plenos grabados ou escritos teñen a mesma transparencia e no caso de Cerdido, con dous grupos municipais parécelle excesivo poñer un servizo de grabación de vídeo ou de audio, e que as actas son públicas, consensuadas, correxidas se fai falta.

D. Brais di que non é o mesmo ler a acta que ver o Pleno.

O Alcalde non o ve preciso para un concello coma Cerdido, que hai moitos concellos que non o teñen. D. Brais Prieto que tamén hai moitos concellos que sí o teñen.

Resultado da votación:

Votos a favor: 4 dos concelleiros Brais Prieto Vidal, Rocío Martínez Martínez, María de los Dolores Pita Anca e Julián Blanco Rodríguez

Votos en contra: 5 do Alcalde Alberto Rey Paz, María Amalia Díaz Rodríguez, Darío Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñón e Diego Graña Pérez.

Abstencións: 0

### 7. Rogos e preguntas

D. Brais Prieto di que no último pleno falouse da subvención que había para proxectos de biomasa, xeotermia, placas solares e demáis, e que ao Alcalde non lle dera tempo a mirar se se podía solicitar e por eso pregunta agora se se sabe algo.

O Alcalde resposta que revisaron a documentación e non se adapta ao que precisamos, que están empezando a tramitar unha de cambio de caldeiras no colexio.

D. Brais Prieto pregunta cómo vai o proxecto de reforma da casa de cultura, o Alcalde di que precisamos entrar nunhas aplicacións que é a secretaria autorizada para entrar nelas e que é un sistema farragoso. Pregunta se a secretaria quere dicir algo e a secretaria non quere dicir nada.

D. Brais Pregunta se se iniciaron os trámites ou falaron co dono da finca que vai á pista da Arqueira. O Alcalde di que non hai que iniciar ningún trámite, que foron alí os operarios do concello a ver o vertido, contactouse co propietario que nos informa que xa denunciou él á guardia civil, chamaron á guardia civil que corrobora a versión do propietario e pasan a ver o vertido descolgándose con cordas e están a buscar ao autor do delito, non ven evidencias de atopar o autor e van baixar outra vez, se non atopan ao culpable a responsabilidade do vertido é do propietario do monte. D<sup>a</sup> Rocío Martínez di que é inxusto. O Alcalde di que é un sitio complicado e que ao propietario vaille sair caro. D. Jose Manuel Luaces di que se denunciaran eles antes a sanción era para o propietario directamente.

D. Brais comenta que preto de Vilela hai un ramal da forestal á esquerda que tamén ten escombro.

D. Diego Graña pregunta se é escombro. O Alcalde di que o mirarán para ver cómo é o vertido.

D. Diego Graña di que hai anos se investigou e soubo quen fora o autor doutro vertido.





## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00



D<sup>a</sup> Rocío Ma: [www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es ista a Vilar de Cruces hai bastantes desprendementos, cae terra continuamente, si se pode facer algo.  
O Alcalde di que vale.

D. Julián Blanco comenta que hai veciños que lles dixeron que na casa que queda fronte ao taller de Jorge a traída desa casa ven por unha tubería que está exposta e que no inverno se conxela. Quere saber si hai xeito de que non esté exposta ou se se pode soterrar.  
O Alcalde pregunta se é municipal, que lle parece raro que esté no aire e que vai preguntar.

D. Julián Blanco comenta que hai varios veciños que comentaron que a auga da traída municipal ten un forte olor a produtos químicos. Pregunta se hai algún problema. O Alcalde di que foi a Casavella que o chamaron porque a auga viña moi branca e sacaron auga polo grifo que ao repousar quedou ben que era de aire.

D<sup>a</sup> Rocío Martínez di que xa lles pasou a eles, que unha vez tiveron que chamar ao colexio para que non consumiran auga porque daban mal os parámetros e que tamén pasaba que olía moi fuerte.

O Alcalde di que teñen un montón de fugas en Lamigueiro, Piñón....

D<sup>a</sup> Rocío dí que sí, que hai moitas.

D. Brais Prieto di que na pista do Lamigueiro hai moita auga debaixo da carreteira aínda que non chova. O Alcalde di que pasou por alí e que foron por alí, cerraron chaves, saben que hai unha fuga pero non aparece. Tiveron que traer a Viaqua cunha máquina detectora de fugas.

D. Julián Blanco comenta que dous veciños, Fernando e Martina, teñen un camiño polo que corre moita auga e piden un tubo para canalizar. E que na mesma acera pero doutro lado na carretera pasa o mesmo. Se se pode mirar de poñer o tubo que falta na cuneta da carretera que falta, e que pasen os operarios que é un tramo corto. O Alcalde pregunta se será privado o terreo e D. Julián di que é a cuneta da carretera que desde alí baixa a auga para a entrada.

D<sup>a</sup> Dolores Pita pregunta con respecto ao servizo de madrugadores por qué os cobros os realiza a AMPA e por qué pide un adianto de 3 meses.

O Alcalde di que o Concello pon a monitora e paga o seu contrato que son 40 euros a maiores do que cobra a AMPA, que o servizo vai en 2 partes, unha pagan os pais á AMPA e os outros 40 págaos o concello contratando á traballadora.

D<sup>a</sup> Dolores pregunta por qué se solicitan 3 meses de adianto, o Alcalde di que hai poucas peticións e que hai 15 días só había un neno en madrugadores, que houbo revuelo co servizo e agora que hai o servizo os nenos non van, menos mal que se cobra por adiantado, e que agora xa aumentou algún máis.

D<sup>a</sup> Amalia di que ese neno o necesitará de verdade, e D<sup>a</sup> Rocío di que sí que xa pasara que o solicitan e despois non levan aos nenos.

D<sup>a</sup> Dolores di que nas vivendas municipais dos Casás hai un problema grave, que xa hai unha semana que o hai e non se solucionou. O Alcalde di que non depende de él, nin de nosoutros que xa



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00



está avisado, [www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es concello pero que non se poden subir ao tellado porque fai falta unha cesta. Foi Proimel que nos vai deixa un camión grúa e un chofer, e que con eso chama a Xaime para que bote un vistazo á chimenea. Que leva esperando dous meses que lle amaíen un canalón do concello que caeu.

D<sup>a</sup> Dolores di que no é o mesmo caso, que lles chove dentro da casa. O Alcalde di que ao albanel dalle igual. D<sup>a</sup> Dolores di que é unha urxencia. D. José Manuel Luaces di que a un compañeiro se lle pasa igual.

D<sup>a</sup> Dolores pregunta se non se pode tramitar polo seguro e o Alcalde di que houbo días que choveu que non metía auga e que cerraron a chimenea con chapas para que non entre a auga. (Falan varios ao mesmo tempo).

D. Brais di que en Chantada que se fixo unha entrada para unha casa e pregunta se a fixo o concello. O Alcalde di que a fixo o dono. O Alcalde di que xa tiña todo feito e que a empresa esta lle desfixo todo, que tiña todo levantado. Que non é unha obra do concello. (Falan varios ao mesmo tempo)

O Alcalde expón que no último pleno preguntaron por unhas obras e o tema das aceras de que non había baldosas de reposto, que xa están encargadas. Que o cable de luz aínda non o tensaron en Lamigueiro. Que tamén preguntaron polo criterio de contratación do servizo de fisioterapia, se se consideraron tres orzamentos. O Alcalde expón que é un contrato menor, que non é preciso pedir 3 ofertas, que colleu contratos menores de anos atrás (sen dicir PP nin PSOE) e hai contratos sen ningún tipo de oferta.

D<sup>a</sup> Rocío di que só preguntaba por saber se solicitaron outras ofertas, que no é outra cousa.

O Alcalde explica que non procede a petición ás veces polo reducido prezo do contato.

D. Brais di que estamos en 2023, que no é preciso voltar atrás.

O Alcalde di que os contratos que se piden para subvencións xa se piden 3 ofertas, no resto de casos non é viable facelo. Os contratistas non van a perder o tempo facendo orzamentos.

D. José Manuel Luaces pide comentar o tema da furgoneta da que se pedira subvención, que quedamos fora. O Alcalde di que non temos centro de maiores e que quedamos fora por non telo e seguirán intentándoo.

O Alcalde di que pediu á Xunta o tema do pediatra, aínda que sexa un día á semana polo menos. O Alcalde di que é difícil

D<sup>a</sup> Dolores comenta que polo menos que esté en San Sadurniño, que xa que temos que ir alí que haxa servizo polo menos.

E, non habendo mais asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:30 do día 30 de outubro do 2023, do que eu como secretaria dou fe.